

Máis alá! (1922)

Sin pretensións de suficienza doutoral, nin de ningún outro xeito somellante, a rebeldía d'uns mozos galegos fai esta chamada a Mocidade intelectual d'a nosa Terra.

I

O xesto

Non nos erguemos d'o xeito que o fan a maoría d'os que n-outras terras pubrigan manifestos máis ou menos literarios.

Casi todos eles tencionan arrecadar adeutos pra algún novo "ismo" que aparece querendo ser a derradeira verva d'a moderna Estética cando, en verdade, non son máis que unha nova proba de que un esnobismo operetesco invade a Literatura.

Nós tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implacábel contra os vellos.

Os vellos

Os vellos non son os que escribiron fai moitos anos -aqueles son os devanceiros. Os vellos son os que escriben hoxe como si vivisen n-o antonte d'os séculos.

E a ley de sucesividade que nos fai respetar ós devanceiros, é a mesma que nos ergue e move pra enterrar ós vellos en vida, baixo a lousa inmovíbel d'a sua vulgaridade, pol-a acefalia que supón o desexo de definir c'o pasado a hora de hoxe.

Ista gafualla, de ser leigada a sí mesma, debера ir-se, por exemplo, a Madrí, metrópoli peninsuar d'a barbarie civilizada, onde a sua teimosía anti-cronolóxica encadraría moi ben, compretando aquel ambiente d'inferioridade. Pero é a nosa disgracia que non só non fan iso sinón que aínda teñen o pretendimento, que en parte conseguen, de pasar por persoeiros d'a nosa cultura; e isto con outras cousas máis, e o que non pode seguir sendo.

A nosa razón

Non é que nós adoezamos d'o tan estendido andacio de desbotar o vello por sistema e sin razón, cousa que se ve facer a miudo ás xuventudes d'outras terras. E que xa vai tendo carácter crónico a atrofia de sensibilidade n-a maoría d'os que escriben en galego, e ameaza-nos o contaxo d'o pobo si non se atalla o mal.

Iste contaxo arripiante será unha realidade si a xeneración galega que hoxe medra ó acougo d'as Irmandades Nazoalistas, chega a tomar por mestres de sensibilidade os nosos "prestixos" literarios.

Tida en conta a importancia primordial que o Arte ten n-os rexurdimentos raciaes (miudean os movementos nazoalistas que comenzan pol-o arredismo artístico) chegaremos a coidar sinón fracasado pol-o menos de remouta eficacia o actual movemento rexurdente n-a Galicia si non se consegue un troque radical n-o aspecto d'a nosa Literatura. Porque é pretender andar c'os pés atados o tratar de libertar-nos d'os trabamentos externos sin facer denantes o mesmo co-a podredume interior.

O ruralismo

Os nosos poetas, dendes os precursores até os seus herdeiros autuaes, non serviron máis que pra embrutecer o noso sentemento. Ista verdade, espallada ós catro ventos, sería o verdadeiro comenzo d'a loita xeneral galeguista. Porque o voutario castramento espritoal e coleitivo que supón n-a Galicia a eistenza d'o caciquismo, d'a iñoranza, d'o renunzamento á vida e á dinidade, compre anulal-o antes que n-o terreo político-social, n-o senso estético.

Unha comencia estética pura y-enxebre é o primeiro paso d'a volta a nós mesmos. E o máisimo crime de lesa patria é un verso d'ise xeito que pregoan as arráns d'a lagoa académica querendo impor o seu anacrónico croar por riba de toda voz nova, ceibe e ceibista. Porque ise fato d'eunucos literarios, d'esprito choído e ategado d'unha decramatoira cursilería palabreira, son os que farán arrenegar de si mesmo a calquer bo galego d'esprito amplexo e depurado que coide ver n-eles "a alma da raza".

Mentras que total-as culturas europeas foron erguendo, de pouco tempo acá, mausoleos d'escuridade encol d'ise xeito de mortos en vida, qué espeutago é o que damos en Galicia?

Momias que fan esculturas a sua imaxen e semellanza, mentras eles, cinguidos ó pasado, siguen cicelando estátoas feitas, fagamos nós, co-as nosas inquedanzas, unha nova figura, grotesca quizáis pero nova ó fin, pró retablo d'os tempos.

Os devanceiros

Diciamos n-o comenzo que respetabamos ós devanceiros, pero queremos facer constar que non é nado iste respeto nin n-a admiración nin n-a inferioridade nosa. Nós non admiramos a ninguén nin nos coidamos inferiores a ninguén. O noso respeto ven de que eles non tiveron culpa de haber vivido n-un tempo de choída incultura castelá.

Inda que nos esforzamos por atopar algo de bó n-os "precursores", o noso traballo sería infroitoso.

Nós non podemos ollar sin carraxe o baixo e noxento ruralismo de Losada. Nin ise intrés en converter o galego n-a fala intérprete de total-as indecenzas e vulgaridás que tiveron Losada e a maoria d'os "mestres" menores. Nin a valdeirez verbalista, importación madrileña e co-isto xa se di todo, de Curros.

Non podemos prestar a nosa loubanza á socorrida e ridícula "posse" d' o falso romantismo, enfermidade de moda n-aquel tempo, que chegou a deslucir algunha d' as páxias verdadeiramente nosas, grandes e persoas de Rosalía. Nin intresar-nos pol-o estreito xeito de Pondal, que tan só pudo ser un imperceitíbel eco d' a grandiosidade d' os rumorosos e d' a maxestosa paganía bárdica.

O herdo d' os devanceiros reduce-se pois a un exemplo de voutade e patriotismo, ispido de toda eficacia literaria como non sexa pol-a reación que produce o desagrado.

II

"Pollitos bien"

Comenzaremos invocando a Valle-Inclán.

Maestre: Chamamos-lle maestre por ser vostede o "maestro" d' a Xuventude Imbécil de Galicia. Noso non; que, endeben, sabemos comparar a sua modernidade co-a cobardía d' o debre que tan só pode vivir facendo claudicantes concesións o forte.

Non tería o seu nome acolleita n-istas liñas si quixéramos tan só chamar-lle aquilo. Pero ten que ser ó falar d' ise fato de cabezas focas, nenos "foulard e de rubí", engayolados pol-o innegábel prestixo d' a prosa e d' a ridícula mintira d' unha epopeya aventureira que vostede, unha e outra, falsifican.

Sabemos que con intremeios himnarios ó Gran Pontífice d' a Valdeireza en traxe de festa (Este Gran D. Ramón...) entran a estrago pol-a fala meseteira, con gran desprestixio d' ela, por certo. Tamén sabemos que adoecen de imbecilidade, inxénita ou contaxada, e que a vostede lle debemos o tel-os levado para "alá". Isto derradeiro é cousa que nunca ben lle agradeceremos.

Agora, o que quixeramos conseguir d' a sua incensada persoalidade sería que intensificase a campaña castelaizante porque nos arripía o pensamento de que eles se coidasen chamados por istas nosas verbas de mocidade e chegase algún a desertar de la "lengua de Cervantes" pra vir a valdeizar n-a nosa Fala as producións d' o seu serrín encefálico. Isto estaría moi mal. Mal pro castelán, idioma oficial d' a cursilería, que, pol-o mesmo ten dereito a aquelas cousas, e mal pró galego, dino de moito mellor sorte.

E a vós, pobriños mamaleites literarios, desexamos-vos cordialmentes que calquera día vos pubriguen un verso n-a derradeira folla d' unha d' isas

indixentes revistas madrileñas, doada palestra d'os vosos esforzos, que é o maisimo desideratum voso.

Madrí precisa-vos pra persoaxes d'a sua opereta.

Tamén hai outros

Hai os que teñen algún valor e desmínten-o espresándose en castelán. A istes só queremos recomendarlles que escriban en catalán, inglés ou francés. Estranxeira por estranxeira, val máis unha fala d'Europa que a d'a Meseta.

Hai os galegos capacitados pra vivir hoxe que, por rutina, seguen ollando pra atrás. Por que agardamos a sua conversión, só queremos dicirlles que xa é hora.

Hai os d'unha certa crase derradeira, d'os cales abonda con... non falar d'eles.

III

Nós

Dispois de ter dito que non traguemos pretensións doutoraes nin d'outro xeito semellante, xa non compre dicir que estarnos moi lonxe de querer impor ningunha concreta lexislación estética.

Cansos xa de percorrer camiños vellos e fracasados, temos arrenegado de todos eles; pero non queremos sinalar un camiño determinado. A nosa roita, n-os primeiros pasos, quer tan só conecer por onde non debemos ir: todol-os outros camiños poden ser nosos.

A Novedade que enxerguemos é tan só un arredamento, un ceibamento d'o pasado sin a definición d'a sua resultanza: isto é arbitrariamentes persoal.

E eiquí compre que manifestemos a falla de creto que nos merece a gran parte d'os novos "movementos" literarios e artísticos, con ningún d'os cales, enténdase ben, queremos que se trabuque a nosa rebeldía. Porque case todos eles esquencen unha d'aquelas duas bases. Ou son un negamento non só d'o pasado sinón de todol-os tempos e total-as cousas, dendes o bo gusto até a razón mais rudimentosa, ou queren encadrar a estética autualista en dogmáticos preceutos, todo o novos que se queira pero pouco respetosos, dende logo, co-a anárquica dileición individuoal.

A fala

Tamén nós temos, inda que n-outro orde, os nosos imperativos, e comenzamos pol-a máis agresiva intransixenza n-a Fala.

Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas; que non sofrise os estancamentos de verdugos armados de gramática que a emparedasen n-un feixe de regras como quen garda un mito en sete huchas concéntricas, terá que ser unha fala de inmellorabes posibilidades por que o seu estado ceibe permitirá-lle axeitar-se a total-as novidades, a todol-os variamentos porviristas que tome o noso gosto. E consentirá-lle o seu indeliñamento ser cicelado de xeito que ela sexa un instrumento d'ó artista e non el escravo d'ela.

Pero hai aínda unha razón d'orde supremo: a nosa Fala é nosa. Pospol-a a outra calquera, é unha forma d'ó suicidio.

Ista nosa eisaltación d'ó Verbo tamén quer dicir algo ós vellos e castelaizantes. Algún d'ises escritores híbridos, bilingües queremos dicir, que fai d'a literatura algo así como un deporte que favorece a dixestión, arrecada o galego cada vez que quer dicir unha estupidez moi grande, reservando o castelán pra cando coidan ("eles") que están en razón. A maisimidade d'a devoción que temos pol-a nosa Fala, pode-lles dar a medida d'ó desprezo que sentimos por eles.

Desbotando

Arrenegamos de mestres e d'os seus consellos. Toda voz allea tende a escusar a nosa sinceridade, que é sagra por que é a nosa vida e debemos respetal-a, a non ser desleigados a nós mesmos.

Arrenegamos d'a Lei e d'a Costume. Cada importa alleeira ven a roubar-lle á nosa mocidade unha áa.

Arrenegamos d'os temas obrigados. E vergoñoso falar d'a escravitude d'a Terra, mentras non se teña feito todo o que compre por anulal-a. O pranto e a elexía fixeron coidar ós alleos que somos un pobo de mulleres. Como bos cidadaos d'a futura República Galega, gardemol-os nosos cantos patrióticos pra o día en que deamos ó vento a sua bandeira e non poidan ser testigos d'a cobardía e d'a mansedume.

A literatura paisaxista o xeito de fotografía iluminada con notas de turista burgués, é a maor caloña d'ó noso paisaxe, que aínda agarda a sensibilidade complexa d'ó noso tempo pra ser interpretado.

Arrenegamos de toda imitanza. A d'os vellos en nome d'a Vida; a d'os novos en nome d'a Novidade.

Individoalismo

Consagramos a individualidade até o extremo de desexar que a definición de cada un de nós sexa unha verva: o seu propio nome.

IV

iMocedade!

Agora compre-vos dicir, mozos d´a nosa Terra, si pensades seguir indo costa abaixo pol-o tempo ou encarados c´o porvir.

Si queredes libertar-vos d´o xerme d´a vellez e d´a morte. Si queredes adonar-vos d´a vosa mocedade ou seguir sacrificando-a n-un altar de Mitos e Fracasos.

Compre romper a marcha pol-a mesma estrada que fagamos c´os nosos pasos, e afrontar en ela unha peligrinaxe sin chegada, porque en cada relanzo d´o camiño agardanos unha voz que nos berra: Máis alá!

ALVARO CEBREIRO MANOEL-ANTONIO

San Xoán-1922